

DECRETO DE ALCALDÍA

Antecedentes

- Bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrencia non Competitiva, para o proxecto "+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025". (BOPP, NÚM 156 , 19 de agosto de 2025).
- Outorgamento da condición de entidades colaboradoras do Proxecto ""+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025" para financiar contratos formativos, segundo o Anexo I: RELACIÓN DE CONCELLOS SELECCIONADOS COMO ENTIDADES COLABORADORAS NO PROXECTO +EMPREGO NOS CONCELLOS 2025", o Concello de Caldas Reis recibe subvención de 33.600€ para 2 Licenciatura, Grao ou Diplomatura (BOPPO Núm. 213, 6/1/2025). NUM EXPTE 2025050276.
- Bases xerais polas que se establecen as normas para a selección de persoal con carácter temporal (en relación ao proxecto "+ EMPREGA NOS CONCELLOS" da Deputación de Pontevedra) para prestar servizos no Concello de Caldas de Reis.
- Informe núm. 2025-0271 de data 01/12/2025.

De conformidade co disposto nas citadas bases, e en uso das atribucións que me confire a lexislación vixente, **RESOLVO**

PRIMEIRO.- Levantar o reparo de legalidade formulado pola Intervención Municipal no seu informe núm.2025-0271, de data 01.12.2025 deixando sen efecto o seu carácter suspensivo.

SEGUNDO.- Aprobar as bases de selección do procedemento para a contratación laboral temporal mediante un contrato formativo para adquirir práctica profesional no posto de Técnico de Dinamización Social e no posto de Técnico de Xestión Cultural

TERCEIRO.- Ordenar a publicación dun anuncio da Convocatoria do proceso selectivo do proxecto "+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025", no BOPPO de Pontevedra e na sede electrónica, <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-Presidente D. Jacobo Pérez Gulín, certificando a secretaria este Decreto cuxo número e data figuran á marxe aos efectos de fe pública.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

Concello de Caldas de Reis

R/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. e-mail: concello@caldasdereis.gal



BASES PARA A SELECCIÓN DO PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL MEDIANTE UN CONTRATO FORMATIVO PARA ADQUIRIR PRÁCTICA PROFESIONAL NO POSTO 1 TÉCNICO/A DE DINAMIZACIÓN SOCIAL E 1 TÉCNICO/A XESTIÓN CULTURAL

PRIMEIRA. OBXECTO, RÉXIME DE CONTRATACIÓN E SISTEMA DE SELECCIÓN.

O Concello de Caldas de Reis presentou solicitude ante a Deputación de Pontevedra, para a contratación de **TÉCNICO/A DE DINAMIZACIÓN SOCIAL E 1 TÉCNICO/A XESTIÓN CULTURAL** que poida ser contratada cun contrato formativo segundo a normativa laboral vixente, PROXECTO “+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025” ten como principal obxectivo promover a inclusión social e o desenvolvemento económico e social da provincia a través da creación de emprego de calidade e do fomento da empregabilidade da cidadanía.

As bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Caldas de Reis e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica>

SEGUNDA. RELACIÓN XURÍDICA DO TRABALLADOR/A CO CONCELLO DE CALDAS DE REIS E RETRIBUCIÓN.

A contratación será de carácter laboral e temporal (na modalidade de contrato formativo para adquirir unha práctica profesional axeitada ao correspondente nivel de estudos), a xornada completa, por un período de 12 meses.

CATEGORÍA	SALARIO BRUTO/MES*
GRAO	1.981,14€
GRAO	1.981,14€

***incluídas pagas extras**

O sistema de selección será o de concurso, cunha fase de valoración de méritos.

NOTA: O proceso selectivo terá efectos sempre e cando a contratación poida realizarse antes do 15/01/2026. Transcorrido ese prazo sen formalizar os contratos, a contratación, decaerá, quedando sen efectos o citado proceso selectivo.

As persoas que se contraten en relación a este proceso selectivo serán adscritas ao Departamento de Servizos Sociais o **1 TÉCNICO/A DE DINAMIZACIÓN SOCIAL E 1 TÉCNICO/A XESTIÓN CULTURAL** ao Departamento de Cultura

TERCEIRA.- PUBLICIDADE

O anuncio da Convocatoria do procedemento de selección do Proxecto de +Emprega nos Concellos 2025” publicárase no BOPPO de Pontevedra.

As presentes bases estarán expostas ao público nas oficinas da Casa Consistorial do Concello, e máis na páxina WEB oficial do Concello de Caldas de Reis e na sede electrónica, <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>, durante o prazo que perdure o procedemento motivo das mesmas.

O taboleiro de anuncios da Casa do Concello e o taboleiro de anuncios da páxina WEB oficial do Concello de Caldas de Reis e a sede electrónica <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>,



serán os principais medios para dar publicidade a tódalas notificacións dos actos que deriven do proceso selectivo iniciado coas presentes bases.

CUARTA. ASPIRANTES QUE PODEN PRESENTARSE

O obxecto das presentes bases é a selección e posterior contratación, de:

NUM TRABALLADORES/AS	OCUPACIÓN	TITULACIÓN
1	TÉCNICO/A DINAMIZACIÓN SOCIAL	GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL
1	TÉCNICO/A XESTIÓN CULTURAL	GRAO EN HUMANIDADES, GRAO XESTIÓN CULTURAL, GRAO PUBLICIDADE E RELACIÓNS PÚBLICAS, GRAO COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL, GRAO DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA, GRAO EN TURISMO

QUINTA. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

1) REQUISITOS XERAIS

- a) Ser español/a ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- b) Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, ou dos nacionais dalgún estado o que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.
- c) Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.
- d) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.
- e) Posuír a capacidade funcional necesaria para o desempeño das tarefas que se van realizar. Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias das prazas obxecto desta convocatoria.
- f) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que



impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

- g) Non estar afectado/a por ningunha causa de incapacidade nin por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

2) REQUISITOS ESPECÍFICOS

Os contratos formativos poderán concertarse con aquelas persoas que reúnan os seguintes requisitos, establecidos na **base cuarta** das Bases reguladoras e convocatoria, en réxime de concorrencia non Competitiva, para o proxecto "+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025". (BOPP, NÚM. 156, 19 de agosto de 2025), sendo os seguintes:

- a) Que estean en posesión dunha titulación de **1 GRAO EN EDUCACIÓN SOCIAL e 1 GRAO EN HUMANIDADES, GRAO XESTIÓN CULTURAL, GRAO PUBLICIDADE E RELACIÓNS PÚBLICAS, GRAO COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL, GRAO DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA ou GRAO EN TURISMO** de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercicio profesional.
- b) Que estean inscritos como demandantes ou en mellora de emprego no Servizo Público de Emprego.
- c) Estar empadroados/as nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra con anterioridade á data de publicación da propia convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).
- d) Que no momento da contratación non transcorresen máis de **tres anos (3)**, ou máis de **cinco (5)** cando o contrato se realice cunha persoa con discapacidade, desde a terminación dos correspondentes estudos.
- e) Que non obtivera experiencia profesional ou realizado actividade formativa na mesma actividade dentro da entidade por un tempo superior a tres meses, sen que se computen a estes efectos os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para a obtención da titulación que habilita esta contratación.
- f) Que non estean contratadas ou contratados en prácticas no momento da selección nalgún dos programas que contemplan contratos en prácticas ou formativos da Deputación de Pontevedra.
- g) Non ter sido contratada na mesma ou en distinta entidade en virtude da mesma titulación nin tampouco na mesma entidade para o mesmo ou distinto posto, aínda que fose mediante unha titulación distinta.
- h) Os/as candidatos/as en Grao en Educación Social deberán achegar certificado negativo do rexistro de delinquentes sexuais.

Os requisitos anteriores deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, debendo continuar en posesión dos mesmos durante todo o proceso selectivo.

Os aspirantes que non reúnan os requisitos esixidos serán declarados excluídos do proceso selectivo.



SEXTA. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As persoas interesadas en tomar parte nestes procesos selectivos deberán presentar no rexistro xeral do concello (rúa Ferrería nº 1, 36650, Caldas de Reis), ou de xeito telemático na Sede Electrónica do Concello, ou polos medios definidos no artigo 16 da Lei 39/2015, solicitude dirixida ó Alcalde - Presidente, na que farán constar que reúnen todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos na base 5ª, no **prazo de 10 DÍAS HÁBILES**, contados a partir do seguinte da publicación do anuncio desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Os aspirantes que non presenten as solicitudes a través da sede electrónica do Concello de Caldas de Reis ou directamente no rexistro xeral do concello deberán comunicalo por correo electrónico ó seguinte dirección concello@caldasdereis.gal, ou por outro medio que permita a súa constancia, **no mesmo día da súa presentación**.

No caso de que se remita a documentación por correo postal ou mediante presentación no rexistro doutra Administración que careza de Sistema de Intercambio de Rexistros (SIR) deberá facelo constar mediante correo electrónico ao Concello de Caldas de Reis (concello@caldasdereis.com) achegando a solicitude presentada onde conste o selo coa data de presentación, **o mesmo día da súa presentación**.

O resto de anuncios relativos a este procedementos selectivo difundirase mediante a súa publicación unicamente a través do taboleiro electrónico de anuncios do Concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>, medio exclusivo de notificación aos interesados de conformidade co previsto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, salvo que estas bases dispoñan expresamente o contrario, non obstante o concello se o estima oportuno poderá utilizar ademais outro medios de publicación ou comunicación.

A instancia conterà, polo menos, os datos persoais do solicitante, co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta, achegando unha copia do DNI. Na instancia deberá indicarse claramente un número de teléfono de contacto e/ou un correo electrónico.

Poderán presentar o modelo que figura como Anexo I ou na páxina web do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>

Así mesmo a convocatoria, xuntamente coas bases estará exposta no Taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>.

SÉTIMA. DOCUMENTACIÓN.

- Solicitude de participación no procedemento (Anexo I).
- Fotocopia do DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade e identidade.
- Fotocopia da titulación esixida para poder participar no procedemento de selección.
- Relación numerada e acreditación de méritos segundo cláusula 9ª das bases.



- Unha vida laboral actualizada.
- Certificación de empadramento nalgún Concello da provincia de Pontevedra con anterioridade á data de publicación da propia convocatoria no BOPPO.
- Inscripción como demandante ou mellora de emprego no Servizo Público de Emprego.
- Declaración de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza a que aspira, non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que imposibiliten para o desempeño das correspondentes funcións.
- Declaración de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, Comunidade Autónoma ou das Entidades Locais, e non atoparse inhabilitado, por sentenza xudicial firme, para o exercicio das funcións públicas.
- Autorización ao Concello de Caldas de Reis para comprobar ou verificar os datos achegados nos apartados anteriores.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolucións provisionais, que serán publicadas no taboleiro de edictos do Concello, e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal> establecendo a relación de aspirantes incluídos/as e excluídos/as en cada un dos procesos selectivos, coa indicación das causas de exclusión; e a concesión dun prazo de **5 días hábiles** para poder emendar, de ser o caso, o defecto ou defectos que motivaron a exclusión, así como para promover a recusación dos membros dos tribunais. Ditas resolucións incluírán a composición dos tribunais así como o lugar, día e hora de constitución dos mesmos.

As reclamacións serán aceptadas ou rexeitadas nas resolucións polas que se aproben as listas definitivas que serán publicadas de igual forma que as provisionais. A lista provisional elevarase a definitiva transcorrido o prazo de reclamacións se non as houbera. No suposto de que se produzan reclamación deberá ditarse nova resolución estimándoas ou desestimándoas.

Así mesmo, os sucesivos anuncios publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación da documentación.

Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e achegados con posterioridade ó remate do período de presentación de solicitudes.

Os/as aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeran constar no procedemento, se ben os erros aritméticos, materiais ou de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse no prazo outorgado ao efecto, ben de oficio, ben a instancia de parte.

OITAVA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal que vulgará os méritos alegados no concurso terá por obxecto garantir e supervisar o correcto desenvolvemento do proceso en tódalas súas fases. E será nomeado polo Alcalde do Concello.

Concello de Caldas de Reis



Composición:

Estará composto por cinco membros titulares e suplentes, un/ha presidente/a, 3 vogais e 1 secretario/a con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal terán igual ou maior titulación cá esixida ós aspirantes das prazas convocadas.

O Tribunal poderá dispor a incorporación, de asesores especialistas, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ao Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 39/2015 de 1 de Outubro, de Réxime Xurídico do Sector público, ou se realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do Tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incurso en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23.2 da Lei 40/2015 LRXSP e, conforme determina o artigo 13.2 do RD 364/1995.

Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal de acordo co sinalado no artigo 24 da LRXSP.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos da maioría dos seus membros.

O procedemento de actuación do Tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na LRXSP e do resto do ordenamento xurídico. O Tribunal adoptará todas as decisión que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, e estará facultado para resolver as cuestión que poidan suscitarse, así como para adoptar medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto.

A composición efectiva do Tribunal determinada polo Alcalde, farase pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e a sede electrónica do concello Caldas de Reis <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>

NOVENA. FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN.

A forma de selección será o **CONCURSO**.

As persoas candidatas, serán as que conformen a listaxe de admitidos/as con carácter definitivo.

Constituído o Tribunal procederá a valorar os méritos das persoas candidatas.

Exporase a relación provisional das puntuacións na sede electrónica <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>, e no taboleiro do Concello de Caldas de Reis. As puntuacións outorgadas e a relación de candidatos/as seleccionados/as por orde decrecente para cada posto de traballo ofertado.

As persoas candidatas poderán formular, ante o tribunal cualificador, as alegacións que estimen oportunas no prazo de DOUS (2) DÍAS HÁBILES, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na Sede electrónica <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>.

VALORACIÓN DE MÉRITOS.



Os criterios da valoración de méritos a valorar nos procedementos de selección enmarcados dentro das **Bases da convocatoria que regula proxecto "+EMPREGA NOS CONCELLOS 2025"**. (BOPP, NÚM 156 , 19 de agosto de 2025) no ANEXO II, onde di literalmente:

O proceso de selección consistirá en valorar os méritos acreditados polas aspirantes, e levarase a cabo conforme aos seguintes criterios:

a) **Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo Real decreto 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo Real decreto 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non fose calculada polas normas referidas ou esta non se especificase, valorarase con 0,00 puntos.**

b) **Por ter un doutoramento relacionado co contido do posto: 2,00 puntos**

c) **Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido do posto: 0,50 puntos cada un, ata un máximo de 1 punto.**

d) **Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato formativo: 0,50 puntos por título, ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para obter outras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento).**

e) **Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da Comunidade Autónoma ou da Administración Local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua): ata un máximo de 2 puntos.** Estes computaranse do seguinte xeito:

- De máis de 150 horas de duración: 0,30 puntos por curso.
- De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso.
- De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso.
- De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso.
- De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso.
- Por acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega co Celga : 0,50 puntos.

f) **No caso das persoas candidatas a Técnico/a Xestión Cultural por acreditar o nivel de coñecemento da lingua inglesa co B2 : 0,50 puntos.**

Non se terán en conta os certificados ou os diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

O tribunal cualificador poderá requiririlles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación



dos extremos recollidos na documentación presentada, ademais de cantas precisións estimen oportunas.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de licenciatura, arquitectura ou enxeñería (títulos pre-Boloña) e teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

O enlace á web do Ministerio de Cultura onde se publica o catálogo de titulacións homologadas ao nivel de máster é o seguinte: <http://www.culturaydeporte.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/educacion/gestion-titulos/estudios-universitarios/titulos-espanoles/202058.html>

Nesta fase só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente no día e na hora que sinala o Concello.

No caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes, a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos nos que se produza unha infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Se o citado precepto non resultase aplicable ou persistise o empate tras a súa aplicación, este resolverase en función da nota media global do expediente académico e, de continuar este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados.

As puntuacións outorgadas publicaranse na Sede electrónica ou na web do Concello xunto coa relación de candidaturas seleccionadas por orde decrecente para cada posto de traballo ofertado, e indicaranse as persoas candidatas seleccionadas e as correspondentes suplentes.

As persoas candidatas poderán formular, ante o tribunal cualificador, as alegacións que estimen oportunas no prazo de DOUS (2) DÍAS HÁBILES, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación na Sede electrónica <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>.

Examinadas as alegacións presentadas, o tribunal cualificador publicará a relación definitiva das persoas candidatas, por orde de maior a menor puntuación, coa correspondente proposta de contratación baixo a modalidade de contrato formativo, para cada posto de traballo ofertado.

DÉCIMA. DESIGNACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS.

O Tribunal, á vista dos resultados obtidos, propondrá ó órgano competente a contratación do/a aspirante que obtivese as maiores puntuacións, sobre a listaxe creada a tal efecto sen que, en ningún caso, poida superar o número de propostos/as o das prazas convocadas.

DÉCIMA PRIMEIRA. RECOÑECIMENTO MÉDICO.

Unha vez terminada a fase de selección e antes de ser contratada a persoa candidata seleccionada pasará un recoñecemento médico xestionado polo Servizo de Prevención da Administración que oferta os postos, e adaptado aos riscos laborais do novo posto de traballo. Todo seguindo os adecuados protocolos médicos correspondentes, e respectando a intimidade da persoa. O consentimento se outorga cando se acepta o disposto na convocatoria ao

Concello de Caldas de Reis



presentar a instancia.

DÉCIMA SEGUNDA. RESOLUCIÓN E CONTRATACIÓN.

Á vista da proposta do Tribunal e constatado que o/a aspirante acreditou os requisitos esixidos, o Alcalde - Presidente resolverá o procedemento selectivo, decidindo a contratación que se publicará na Sede Electrónica do Concello de Caldas de Reis e no taboleiro de anuncios do Concello, e subscribirá Contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 405) co/a aspirante proposto/a segundo dispón a lexislación laboral, quedando os/as seguintes candidatos/as coma suplentes segundo a puntuación acadada.

O contrato será formalizado antes do **15 de xaneiro 2026** e de acordo coa normativa laboral de aplicación, tendo en conta as especificacións da normativa vixente.

DÉCIMA TERCEIRA. DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local, Estatuto dos Traballadores e demais normas que resulten de aplicación, estando os órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destes.

DÉCIMA CUARTA. INCIDENCIAS

O Tribunal queda facultado para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento do proceso selectivo, en todo o non previsto nas bases, así como para interpretación das mesmas.

DÉCIMA QUINTA. TRATAMENTO DE DATOS.

As persoas que presenten as súas solicitudes para este proceso, autorizan con elo, ó tratamento dos seus datos persoais, ao Concello de Caldas de Reis, para tódolos trámites relacionados con este proceso selectivo, debendo dirixirse por escrito, ao Concello de Caldas de Reis, en r/ Ferrería nº 1, para a anulación deste permiso, unha vez que finalice o citado proceso, se así o estiman. Tódalas comunicacións, avisos e publicacións referentes a este proceso, realizaranse por publicación no taboleiro de anuncios do Concello e na a sede electrónica do concello <https://caldasdereis.sedelectronica.gal>

DÉCIMA SEXTA. RECURSOS.

Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria, poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Caldas de Reis, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á recepción da presente notificación ou recurso contencioso-administrativo, ante o xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora da devandita Xurisdición, sen prexuízo de que poida interpor calquera outro que estime procedente.

**En Caldas de Reis,
O Alcalde**

Documento datado e asinado dixitalmente á marxe,

Concello de Caldas de Reis

R/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. e-mail: concello@caldasdereis.gal



ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN

I. DATOS PERSOAIS

Apelidos: _____
Nome: _____
DNI Núm.: _____
Enderezo: _____
Tlf: _____
Localidade: _____
Provincia _____

II. DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta a disposición da notificación ao correo electrónico facilitado a continuación:

Correo electrónico: _____

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

Electrónica a través da SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS
<https://caldasdereis.sedelectronica.gal>

Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada, e deberá acceder á notificación no apartado CARPETA ELECTRÓNICA/CAIXA DE CORREO ELECTRÓNICO.

Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

Enderezo: _____

As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición da persoa indicada anteriormente na Sede electrónica do concello de Caldas de Reis
<https://caldasdereis.sedelectronica.gal> no apartado CARPETA ELECTRÓNICA/ CAIXA DE CORREO ELECTRÓNICO, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.

III. EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria do procedemento selectivo para a contratación laboral temporal mediante un contrato formativo para adquirir practica profesional do posto con denominación publicada no BOP núm. de data e de acordo coas condicións establecidas nas bases que as regulan publicadas no citado boletín, pola presente comparezo e declaro baixo a miña responsabilidade:

- Que coñezo o contido das bases reguladoras desta convocatoria.
- Que na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos nas correspondentes bases reguladoras do procedemento.
- Que autorizo ao Concello de Caldas de Reis, a comprobar ou verificar os datos achegados na documentación.

Polo exposto, SOLICITO ser admitido/a ao correspondente proceso selectivo achegando ao efecto a seguinte documentación consonte esixe a **BASE QUINTA**:

Concello de Caldas de Reis



- Fotocopia do DNI ou documento que acredite a súa nacionalidade e personalidade.
- Fotocopia da titulación para poder participar no procedemento de selección.
- Relación numerada e acreditación de méritos segundo cláusula 8ª das bases.
- Unha vida laboral actualizada.
- Certificación de empadramento nalgún Concello da provincia de Pontevedra
- Inscrición como demandante ou mellora de emprego no Servizo Público de Emprego.

O/a abaixo asinante solicita/o ser admitido ao procedemento selectivo ao que se refire a presente instancia, declarando ser certos os datos consignados anteriormente e que reúne as condicións esixidas para acceder ao posto convocado.

Caldas de Reis, _____ de _____ de 2025.

Sinatura:

De conformidade co establecido na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os seus datos serán incorporados ao sistema de tratamento titularidade do Concello de Caldas de Reis CIF P3600500G e domicilio social sito en R/ Ferrería 1, 36550 Caldas de Reis, coa finalidade de atender e xestionar a súa solicitude, escrito ou comunicación ao Concello de Caldas de Reis. En cumprimento da normativa vixente, o Concello de Caldas de Reis, informa que os datos serán conservados durante o período legalmente establecido. Así mesmo, informámoslle que a lexitimación do tratamento dos seus datos é en base ao interese público ou no exercicio de poderes públicos. Coa presente cláusula queda informado de que os seus datos serán comunicados en caso de ser necesario a: Administracións Públicas e a todas aquelas entidades coas que sexa necesaria a comunicación coa finalidade de cumprir coa prestación do servizo anteriormente mencionado. De acordo cos dereitos que lle confire a normativa vixente en protección de datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición ao tratamento dos seus datos de carácter persoal así como o do consentimento prestado para o tratamento dos mesmos, dirixindo a súa petición á dirección postal indicada máis arriba ou ao correo electrónico concello@caldasdereis.gal.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Concello de Caldas de Reis

R/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. e-mail: concello@caldasdereis.gal





CONCELLO DE

CALDAS DE REIS

D./Dona _____
co DNI n° _____ e con domicilio en

DECLARO

- Non ter sido separado/a do servizo das administracións públicas e non estar incurso nalguna das causas de incapacidade e incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Non padecer enfermidade nin defecto física que impida o desempeño das funcións propias do posto.

Caldas de Reis, ____ de _____ de 2025

Asdo.: _____

Concello de Caldas de Reis

R/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. e-mail: concello@caldasdereis.gal

